



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: **981- 51 30 61**
Fax: **981- 51 30 00**
C.I.F.: **P-1501200-H**
C. electr: **correo@boqueixon.dicoruna.es**

Entroido Activo é un programa lúdico-educativo que facilita a conciliación laboral e familiar durante os días non lectivos de entroido.

O desenvolvemento das actividades terá lugar nas instalacións municipais do Forte e no CPI Antonio Orza Couto, coa adopción das medidas hixiénico-sanitarias necesarias para cumprir a normativa vixente en materia de prevención do Covid-19.

Primeiro: obxectivos

Conciliación laboral e familiar durante as vacacións de entroido.

Segundo: datas e horario

15 e 17 de febreiro, entrada é de 09:00 a 10:00, saída de 13:30 a 14:00 h.

Terceiro: número de prazas

O número de prazas ofertadas será de 16, as inscricións serán por rigorosa orde de inscrición.

Cuarto: persoas destinatarias

Alumnado de infantil e primaria do Concello de Boqueixón e alumnado matriculado/a nun centro educativo de Boqueixón.

Quinto: inscricións

As inscricións realizaranse dende o 5 ata o 10 de febreiro, enviando a ficha de solicitude e demais documentación por unha das seguintes vías:

- Telemática, a través da sede electrónica do Concello de Boqueixón (preferente).
- Presencial, rexistro municipal.

Documentación que deben achegar xunto á ficha de inscrición:

1. Declaración da renda do 2019 ou xustificante acreditativo de non ter que presentala.
2. Documento acreditativo de familia numerosa (de ser o caso).

Sexto: custo

10 euros.

O prezo total a pagar polo Programa ENTROIDO ACTIVO será cargado na conta bancaria indicada polo proxenitor/a ou titor/a legal do/da menor. Mediante a firma da presente solicitude

AUTORIZA:

- Ao acredor (Concello de Boqueixón) a enviar instrucións a entidade bancaria do debedor para domiciliar a súa conta.

- Á entidade bancaria para efectuar as domiciliacións na súa conta seguindo as instrucións do acredor.

Sétimo: bonificacións:

Casos de emerxencia social, unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais ao IPREM (537,84€) ou outra situación valorada tecnicamente polo Departamento de Servizos Sociais.	100%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 1,5 veces o IPREM (806,76€).	60%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 2,5 veces o IPREM (1.344,6€).	30%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 4 veces o IPREM (2.151,36€).	15%
Condición de familia numerosa xeral.	30%
Condición de familia numerosa especial.	40%

Oitavo: condicións

Unha vez rematado o prazo de inscrición, e no caso de cubrirse a totalidade das prazas, publicarase na web municipal a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, cun prazo para a presentación de reclamacións de 3 días hábiles e posteriormente publicarase a listaxe definitiva.

O Concello poderá modificar ou suspender a prestación do servizo en función das circunstancias que acontezan derivadas da crise sanitaria motivada pola COVID-19.

Máis información sobre estes programas no teléfono 981 513115 ou no correo electrónico cim@boqueixon.com